Asunto: INFORME DXSAP SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

O 11 de abril de 2025 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido pola Área de Recursos Humanos da Axencia de Turismo de Galicia (en diante, a axencia) no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cun proxecto de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) e do cadro de persoal da devandita axencia.

Dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

-Memoria xustificativa funcional.
-Memoria económico-financeira.
-RPT completa e parcial.
-Cadro de equivalencias.
-Cadro de amortizacións.
-Cadro de creacións.
-Cadro de modificacións.
-Acta de negociación sindical previa.

O 9 de maio remiten nova documentación que modifica á anterior.

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

CVE: AGJonXRlwMt1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

1. Axencia Turismo de Galicia

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, ten por obxecto a planificación, a ordenación, a promoción e o fomento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa disposición adicional cuarta, autorízase o Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Turismo de Galicia, adscrita á consellería competente en materia de turismo, que "terá como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago".

En desenvolvemento da lei anterior, mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, créase a Axencia Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos.

2. Adscrición da Axencia Turismo de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

E o Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, no punto 5 do artigo único adscribiu a Axencia de Turismo de Galicia á Presidencia da Xunta de Galicia.

3. Relación de postos de traballo e cadro de persoal da axencia

A relación de postos de traballo da axencia aprobouse mediante Resolución do 16 de xullo de 2015. Esta RPT foi obxecto de dúas modificacións: a primeira delas, mediante Resolución do 9 de agosto de 2022; e a segunda, mediante Resolución do 2 de marzo de 2023. A RPT conta na actualidade con 155 postos de persoal funcionario.

Ademais, no cadro de persoal da axencia figuran 139 postos (persoal propio da entidade), a raíz da incorporación dos postos de traballo da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos e da

CVE: AGJonXRlwMt1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

S.A. Xestión do Plan Xacobeo á Axencia Turismo de Galicia, segundo se establece na disposición adicional cuarta do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. Os cadros de persoal das entidades que se extinguiron ou modificaron o seu obxecto social son os instrumentos de xestión do persoal nesta axencia ata que se aprobe a relación de postos de traballo correspondente.

SEGUNDO. Obxecto da proposta

A finalidade desta proposta de modificación parcial da RPT da Axencia Turismo de Galicia consiste en crear 4 postos de traballo e amortizar outros 4 postos para adaptar a RPT ás necesidades actuais da axencia.

TERCEIRO. Creación de postos

Proponse a creación dos seguintes postos detallados a continuación:

Dependencia	Código actual	Denominación	Subgrupo / Nivel	Corpo / escala	Forma provisión	Adscrición Admon
Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa	PX.A20.00.002.15770.015	Xefatura de Sección Contabilidade Financeira	A1-A2-C1/ 25	XERAL (1)	C	AXG
	PX.A20.00.002.15770.051	Xefatura de Sección de Obras	A1-A2-C1/ 25	XERAL/ESPECIAL (2)	C	AXG
Dirección de Profesionalización	PX.A20.00.005.15770.016	Técnico de cociña I	C1/18	ECÑ (3)	C	AXG
	PX.A20.00.005.15770.017	Técnico de cociña II	C1/18	ECÑ (3)	C	AXG

(1) Coñecementos de contabilidade e experiencia en xestión orzamentaria e contabilidade financeira (méritos).

(2) Titulación académica: licenciado/a en arquitectura, arquitectura técnica, enxeñería superior ou enxeñería técnica. Experiencia en xestión de obras e/ou equipamentos (mérito).

(3) Corpo especial, escala técnica de cociña. Titulación académica: FP1 hostelería (cociña), FP hotelería e turismo ou FP1 hostelería (servizos).

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: AGJonXRlwMt1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-1 Xefatura de Sección Contabilidade Financeira, dependente da Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa, terá encomendadas tarefas de contabilidade financeira, elaboración de declaracións e modelos tributarios, elaboración das contas anuais da entidade, levanza dos libros de IVE e do Inventario de Turismo de Galicia, e a xestión económico financeira da actividade do Centro Superior de Hostalería de Galicia

Terá como méritos coñecementos de contabilidade e experiencia en xestión orzamentaria e contabilidade financeira. E deberá ter tamén un especial coidado na xestión e tramitación da información (protección de datos), xa que neste posto, segundo o exposto na memoria funcional que se adxunta, os datos manexados serán de especial sensibilidade e responsabilidade, por tratarse de información reservada de Turismo de Galicia, do Centro Superior de Hostalería de Galicia e da Xunta de Galicia.

-**1 Xefatura de Sección de Obras**, dependente tamén da Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa.

A necesidade de coordinación, asistencia e supervisión dos investimentos na valorización dos recursos turísticos de Galicia que se promoven desde a Axencia; o apoio técnico sobre os investimentos en infraestruturas como consecuencia dos plans ou programas en que participa esta entidade ou por instancia doutro organismo que teña establecidas liñas de apoio ao turismo; a valoración técnica de proxectos presentados por empresas en relación cos expedientes de axudas de fomento do turismo, ou por solicitude doutros órganos; a realización de informes de idoneidade turística de proxectos con incidencia especial en espazos turísticos; a supervisión e mantemento dos inmobles da súa propiedade ou adscritos á Axencia ou a creación, mantemento e xestión da rede de albergues da Xunta de Galicia, supoñen, segundo a documentación recibida nesta dirección xeral, a necesidade de creación do citado posto

-**1 posto de técnico de cociña I e 1 posto de técnico de cociña II,** dependentes da Dirección de Profesionalización. Prevese que este novo persoal traballe no Centro Superior de Hostelería de Galicia, onde se está a dar un incremento considerable do alumnado, o cal require persoal de apoio de cociña e sala, pois neste centro ofrécense servizos de restauración non relacionados coa docencia, servizo de almorzo, xantar e cea para o alumnado, entre outros.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: AGJonXRlwMt1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO. Amortización de postos

Proponse a amortización dos seguintes postos de cadro de persoal vacantes:

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN
PX_EXT 49 7120010	Xestor/a Área de Xestión Económica e de Persoal (centro TUP)
PX_EXT 42 672644	Titulado/a medio (centro XPX)
PX_EXT 88 7120037	Xestor/a I (centro TUP) *

*Quedará vacante por xubilación o 18 de xuño de 2025

E a amortización do seguinte posto vacante de RPT

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL
PX.A20.00.003.15770.035	Posto base subgrupo C2	C1-12

QUINTO. Custos

Segundo consta na memoria económico-financeira remitida, unha vez computado o importe das amortizacións (160.449,1 €) e o custo das creacións de postos(177.936,1 €), resulta unha diferenza negativa de 17.487,00 €, que será asumida con fondos propios.

Non obstante o anterior, en relación coa memoria económica pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SEXTO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Turismo de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 12/05/2025 14:59:26

CVE: AGJonXRlwMt1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es